DOCUMENTO COLABORATIVO 0.1.:
O período de adaptación

Este documento é a síntese das achegas realizadas por cada escola na 1ª xuntanza de dirección do curso 2008/09, onde se inicia unha dinámica de recollida de información e achegas que permite ter en conta todos os puntos de vista e crear entre todos/as os implicados/as neste proxecto a idea de escola que queremos construír e transmitir.

Por atoparnos no inicio do curso a primeira temática a abordar foi o período de adaptación, tendo en conta os múltiples aspectos que o conforman; a tipoloxía da escola, a organización dos espazos e dos tempos, as necesidades das crianzas, a documentación do proceso desde o inicio (programación) ata o final (avaliación) e a relación coas familias.

Palabras chave

Colaboración coas familias, ambiente amable, vínculos de relación e confianza, planificación e documentación do proceso.

Ideas principais

Unha adaptación de todos e todas á escola.

O período de adaptación é un proceso de entrada e incorporación a un novo ambiente, que é a escola, no que o obxectivo é que todos e todas os que formamos parte dela (as crianzas, as familias, e os/as profesionais implicados) nos coñezamos, e comecemos a establecer uns vínculos de relación e confianza; vínculos que nos permitirán, a partires de aí continuar cunha actuación conxunta, por e para o desenvolvemento integral dos nenos e nenas nunha labor educativa de calidade.

Prodúcese, no seo da familia, unha situación de cambio, que afecta directamente ás relacións afectivas e emocionais establecidas polas crianzas ata ese momento.

Por iso, é moi importante que as familias sexan conscientes da existencia deste período, que estean informadas e que sexan partícipes da

planificación e desenvolvemento do mesmo. Esta información e implicación permitiralles afrontar o período de adaptación con seguridade e tranquilidade, transmitindo tamén esa confianza ás crianzas. A presenza das familias convértese, así, na clave dun proceso que é percibido NON como unha separación destas e as crianzas, senón como unha integración de ambas as dúas na escola. Falamos, en todo momento, de ganancia e non de perda. E neste sentido, "as ferramentas" de traballo do período de adaptación que podemos utilizar van encamiñadas a iniciar unha convivencia que, ao longo do curso escolar, irá revestindo distintas formas, pero que transmitirá ao neno e a nena, un mesmo fondo: *"o seu pai e a súa nai tamén forman parte da escola".*

As necesidades das crianzas

Para que nesta planificación do proceso respondamos as necesidades de todas as crianzas implicadas temos que ter en conta as diferencias psicoevolutivas que veñen dadas pola diferencia de idade. No **caso dos bebés** é moi importante partir do que nos conten as familias, pois eles non falan). Hai que darlles, aos proxenitores, a oportunidade de que nos conten cal vén sendo a rutina diaria do neno ou nena e a súa forma de establecer relacións. Isto tamén os tranquilizará a eles, non centrarnos en aspectos soamente asistenciais senón tamén nos aspectos afectivos. Tamén no caso de bebés, se é posible, faremos unha incorporación progresiva. O obxectivo é que se vaian afacendo aos olores, aos timbres das voces e ás caras dos que lles van satisfacer as necesidades básicas.

Para os nenos e as nenas **de 1 ano**, que xa son moi conscientes da separación, pero aínda non a poden regular coa linguaxe, pode ser unha situación que xera moita inseguridade. O ideal sería que nos primeiros días un adulto da familia puidera estar na escola durante todo o tempo que estea o neno, á súa disposición, á súa vista, por exemplo, nunha zona acotada da clase, do patio, etc, . Ao mesmo tempo, a educadora (nun ambiente relaxado de xogo libre) debe organizar actividades interesantes, de achegamento aos espazos e os tempos da escola, contar e ler historias, ofrecer actividades cos xoguetes, dispoñer de auga para beber e galletas para comer, por exemplo, ... de maneira que a criatura que se interese por algunha destas cousas teña que relacionarse coa/co educadora/educador, non con seu pai ou súa nai que só está para transmitir seguridade. A medida que a/o educador/a vaia sendo fonte de experiencias pracenteiras, e as crianzas vaian descubrindo patróns ou modelos para relacionarse con

el/ela (cando teñen sede, cando queren xogar, ...) irá constituíndose como adulto de referencia e fonte de seguridade**.** Por suposto, cada neno ou nena, terá o seu ritmo. Algúns xa se relacionarán satisfactoriamente o primeiro día e outros necesitarán case un mes.

Os maiores, os **de 2 anos**, teñen máis autonomía e son máis esixentes pero a súa maior capacidade no uso da linguaxe (tanto na expresión como na comprensión) pode axudar neste sentido, porque pode darnos información directa das súas necesidades e dos seus intereses. Trátase de planificar actividades coa mesma filosofía que para os máis pequenos, atendendo as súas necesidades e respecto os seus ritmos.

En realidade, non se trata tanto de preparar unha elevada cantidade de actividades como preparar un ambiente cálido e amable que invite as crianzas e as familias a sentirse a gusto e confiado/a na escola e pouco a pouco o vaian descubrindo e facendo seu. Deste xeito tratase moitas veces de observar o que todos eles fan, e seguir as actividades e proposta que flúa dese intercambio.

Neste punto parécenos importante salientar o papel das crianzas que xa estaban os anos anteriores na escola, que dalgún xeito "tiran" dos demais, son eles/as os mellores modelos na transmisión de seguridade e confianza cando son observados polos/as seus/súas iguais na interacción cos/coas profesionais e cos espazos da escola.

Planificación, documentación e avaliación da adaptación.

Moitas veces enfocamos a programación do período de adaptación preocupándonos, sobre todo, polas cuestións organizativas (dende o punto de vista dos profesionais): do número de horas que teñen que estar os/as nenos/as na escola durante os dous primeiros días ou durante a primeira e segunda semana; sobre os minutos ou as horas que poden estar os pais

cos nenos ao principio; ... estas cuestións, que sen dúbida deben ser obxecto de reflexión, non poden eclipsar os aspectos afectivos e emocionais que rodean a este momento. Na procura dunha boa planificación os profesionais non deben perder de vista as necesidades das crianzas e das súas familias e non converter a organización de tempos nun aspecto tan ríxido que provoque a desconfianza dos participantes no proceso.

O período de adaptación, como proceso de coñecemento, iníciase entón, desde o primeiro día no que as crianzas e as familias entran na escola; un primeiro contacto, que xunto a planificación e o acordo, nos axudará a establecer as bases dunha canle de comunicación aberta e bidireccional, na que achegamos e recibimos información, na que hai un esforzo importante de todos e todas por contar e escoitar, o que será crucial para que **o proceso de adaptación se "adapte" ás diferentes características e necesidades**.

De primeiras, a recollida de información mutua centrará as comunicacións orais coas familias, de carácter formal e informal (máis estruturadas o máis distendidas), grupais e individuais (para primar, segundo nos interese, unha atención máis personalizada ou máis interactiva), con e sen as crianzas (diferenciando entrevistas e visitas); e tamén, as comunicacións escritas (follas informativas, dípticos, orientacións),..nas que a escola fai unha presentación do centro, e as familias teñen a oportunidade de revisar esta documentación na casa, reflexionar sobre a mesma e integrala como un elemento máis de adaptación a este novo contorno. Ao tempo promóvense dinámicas de incidencia directa na aula, nas que todos e todas participamos construíndo o ambiente, a través das primeiras exploracións dos nenos e as nenas xunto os seus pais e nais, os seus avós,,..dos primeiros contactos co material, dos primeiros xogos, e, como non, das primeiras interaccións cos iguais e cos que van ser os seus adultos de referencia na escola; actuacións, todas estas, que, tras unha observación coidadosa e posterior recollida de datos (nos informes correspondentes de rexistro) nos darán unha pista clara de como temos que encamiñar a adaptación, coas características inherentes ás crianzas e ás súas familias, e determinarán a necesidade de formularnos unha continua avaliación do proceso que será a que nos indique as melloras a facer en cada nova adaptación, que requirirá sempre dun tempo, dunha planificación pero tamén dunha continua flexibilidade, porque ante todo, e sobre todo a clave estará en ser capaces

de adaptar a adaptación.

Sendo coherentes coa nosa forma de facer tamén teremos especial coidado no tratamento da información, tanto no contido coma na súa forma de transmisión.

A documentación convértese nun medio máis para a intervención educativa neste proceso, onde debe quedar reflectido as información orais, corporais e emotivas que xorden de todas as actuacións.

Cada equipo educativo decidira con que tipo de documentación prefire traballar (cartas, folletos, calendarios de incorporación individualizada, álbum persoais , modelos de entrevista, cuestionarios , resumes das xuntanzas por escrito, modelos de guías de observación,...) sempre que do resultado podamos extraer información cualitativa e individualizada de cada crianza.

BIBLIOGRAFÍA

Santos Mato, Carlos; Ferradás Blanco, Lois (2007): “Planificar a adaptación á escola infantil 0 – 3)”.

Arias Correa, A.; García Sexto, E.; Caballero Rodríguez, F.; Machado Panete, J.F e Rial Fernández, M. D. . O

proceso de adaptación. E ti.. vas á escola? [Libro] Santiago de Compostela. Xunta de Galicia, 2007. [Consulta :

15/09/2007]